

## A miña cidade, o meu burka

Rosa Aneiros

O negro. Esa tesitura hermética dunha cor plana e omnipresente. O negro que o abrazaba todo nun primeiro instante e fuxiu despavorido cando os ollos se acostumaron á nada, ó baleiro. O negro convertido en formas recoñecibles e suntuosas ó abrigo da escuridade. Un negro só posible para unha cabeza negra. Ese negro con curvas, relevos e fondos de cousas posibles. Tan calado e tan pouco sincero. Logo, despois do negro, o silencio. Un silencio pausado e roto unicamente polo ritmo monótono e cansado da súa respiración. E ata ese son, maldita letanía, fáiselle doroso e asfixiante. Por iso o rompe. Ás veces aguanta a respiración atrapada nun desexo de non volver abafar, aguanta, aguanta ata que non pode máis e logo con tódolos músculos quentes polo esforzo toma aire rapidamente, con ansia, con verdadeira ilusión, coma se vivir lle importase en serio. Coma se en serio lle importase. Coma se.

Resulta un dos poucos xogos cos que Shamla tenta espertar un instinto de supervivencia esgotado pola loita frustrada. Séntese feliz, de repente, cando o corazón pide aire e suplica un alento para continuar bombeando sangue polas súas veas cansas. Por iso Shamla xoga co seu propio destino na baza dun corpo claustrofóbico e un medo todopoderoso. Por iso Shamla xoga. Por iso.

Shamla aprendeu a rachar as regras do seu propio silencio, do seu propio negro, do seu propio terror. Eles ou ela: a escolla non admitía máis participantes e houbo que roelo. Acubillada, nunha cova de terra areosa, fría na noite e quente no día, descubriu tódolos recunchos en primeiro lugar do seu corpo, en segundo lugar da súa alma. Nunca Shamla se atrevera a tocarse a si mesma, a tanxerse cada centímetro de pel e experimentar a sensación dunha man trémula nos pes, no ventre, na cara, no pelo, a acariñar as feridas ocasionadas polo xénero e pola relixión. A sentirse. E logo as outras, as feridas do corazón e da mente, eses pesadelos reais coma a vida mesma, tan firmes, tan desafiante aínda na memoria.

Escoitara as primeiras bombas que caían lonxe dun obxectivo militar no medio das rúas e das ruínas dos edificios. Elas significáronlle un punto de inflexión. Da nada á outra nada chea de sons terribles. Homes correndo cos fusís ergueitos, nenos que choraban e mulleres coma pantasmas de grandes teas de cores a deambular pola cidade sen saberen onde refuxiarse de Alá, do medo, dos militares, de si mesmas.

O sangue e o po fluían das propias rochas que pisaba, o calor afogante enchíao todo e o burka pesaba coma nunca, o burka pesaba máis que o día

que abandoou por imperativo legal a universidade, máis que o día en que a deixaron de atender os médicos, máis que o día en que lle anulaban a propia condición de muller. Un burka que aínda hoxe a envolve nun cubículo de apenas dous metros labrado na terra e do que non se atreve a saír por pánico á morte. Non saír máis, nin do burka, nin da cova. Non saír, aferrarse á vida como sexa aínda que leve consigo unha tortura implícita. Por ser muller, por ser afgana, por ser un burka que corría aterrorizado polas rúas poerentas de Kabul.

Kabul. Ese Kabul tan descoñecido en formas e cores, en cheiros e sabores, porque malia levar máis dun cuarto de século por entre as súas calellas nunca a viviu fóra do cárcere de fío do veo e da malla cuadriculada por diante dos ollos. Nunca vira Kabul fóra do burka. Nunca Kabul a vira a ela. Para a cidade Shamla era simplemente unha sombra máis que vagaba en silencio por entre o ruído de motores e ameazas. Nada máis. A ela Kabul éralle só o espacio dun sufrimento recoñecible, un lugar alleo pero próximo onde o medo tiña rostro de area, armas, corán e turbantes.

Aquel día, Shamla lograra escapar á furia da metralla chovida do ceo e máis á furia dos seus propios compatriotas e deuses que zorregaban bolsas amarelas con alimentos. Atrevérase a vivir un día máis, dous días máis, tal vez os días máis valiosos de toda unha existencia. Os días nos que Shamla se coñece a si mesma e se recoñece muller afgana. Os días das bombas, sereas, tiros e lamentos no exterior e silencio entrecortado da cova. As horas nas que Shamla aprende a querer-se e asume a certeza da morte inminente. E dá grazias a Alá por esas corenta e oito horas de latexos oídos, suspiros e pensamentos ceibes por primeira vez en vintecinco anos de vida. Antes de que deixe inevitablemente de later nun refuxio de Kabul deshidratada, chea de fame e frío, Shamla sorrí e pensa no bonito que debía ser ter vivido. Lonxe de Afganistán, lonxe de Kabul, lonxe da *liberdade duradeira* e maila *xustiza infinita*. Lonxe da súa cidade, do seu burka.

**Escrito en 2002**